

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**438** *Corrección de erros da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016.*

Advertidos erros na Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 260, do 30 de outubro de 2015, efectúanse as oportunas rectificacións:

Na páxina 16, no artigo 9.Tres.2, no segundo parágrafo, onde di: «...as correspondentes transferencias de créditos ao abeiro do previsto...»; debe dicir: «... as correspondentes transferencias de crédito ao abeiro do previsto...».

Na páxina 17, no artigo 9.Tres.5, no terceiro parágrafo, onde di: «...do organismo 27.107 «Instituto de Saúde Carlos III» vinculará a nivel de capítulo, con excepción das subvencións nominativas e sen prexuízo da súa especificación a nivel de concepto nos estados de gasto, os créditos orzamentarios...», debe dicir: «... do organismo 27.107 «Instituto de Saúde Carlos III» vincularán no nivel de capítulo, con excepción das subvencións nominativas e sen prexuízo da súa especificación no nivel de concepto nos estados de gasto, os créditos orzamentarios...».

Na páxina 17, no artigo 9.Tres.5, no cuarto parágrafo, onde di: «...«Transferencias internas». De ser necesario, tramitaranse as correspondentes transferencias de créditos», debe dicir: «...«Transferencias internas». De ser necesario, tramitaranse as correspondentes transferencias de crédito».

Na páxina 25, no artigo 20.Un.1, no primeiro parágrafo, na quinta e sexta liñas, onde di: «...polo establecido nas disposicións adicionais décimo terceira, décimo cuarta e décimo quinta, respectivamente, desta lei...», debe dicir: «...polo establecido nas disposicións adicionais décimo quinta, décimo sexta e décimo sétima, respectivamente, desta lei...».

Na páxina 55, no artigo 38.Un, onde di: «...Lei 5/1979, do 18 de setembro, sobre recoñecemento de pensións, asistencia médico-farmacéutica e asistencia social en favor das viúvas, e demais familiares dos españois falecidos como consecuencia ou con ocasión da pasada Guerra Civil en favor de familiares de falecidos como consecuencia da Guerra Civil, non poderá...», debe dicir: «... Lei 5/1979, do 18 de setembro, sobre recoñecemento de pensións, asistencia médico-farmacéutica e asistencia social en favor das viúvas, fillos e demais familiares dos españois falecidos como consecuencia ou con ocasión da pasada Guerra Civil, non poderá...».

Na páxina 73, na penúltima liña da páxina, onde di: «...pola Lei 48/2015, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016», debe dicir: «... pola Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016».

Na páxina 166, na disposición adicional cuadraxésimo oitava.Un, no ordinal 13.<sup>a</sup>, na segunda e terceira liñas, onde di: «...Lei 1/2005, do 24 de marzo, reguladora da Biblioteca...», debe dicir: «...Lei 1/2015, do 24 de marzo, reguladora da Biblioteca...».

Na páxina 190, na cuarta e quinta liñas da páxina, onde di: «...períodos de seguro de *pro rata temporis*, en aplicación...», debe dicir: «...períodos de seguro *pro rata temporis*, en aplicación...».

Na páxina 193, na última liña da disposición derradeira quinta, onde di: «O resto do artigo permanece coa mesma redacción», debe dicir: «O resto da disposición permanece coa mesma redacción».

Na páxina 220, a continuación do último parágrafo da páxina insírense dúas notas coa seguinte redacción:

«<sup>1</sup>Aos mestres que imparten 1.º e 2.º curso de educación secundaria obrigatoria aboaráselles no ano 2016 a mesma contía que se estableza para os mestres dos mesmos cursos nos centros públicos.

<sup>2</sup>Aos licenciados que imparten 1.º e 2.º curso de educación secundaria obrigatoria aplicaráselles este módulo.»

Na páxina 224, no cadro de bonificacións da Autoridade Portuaria da Coruña, na columna dos códigos arancelarios e na liña correspondente a «PRODUTOS EÓLICOS. Aeroxeradores. Maquinaria e pezas», onde di: «7308B, 8501B, 8502, 8503,», debe dicir: «7308B, 8501B, 8502, 8503 e 8412».

Na páxina 226, no cadro de bonificacións da Autoridade Portuaria de Almería, na columna dos códigos arancelarios e na liña correspondente a «Produto laminado plano de ferro», onde di: «7208A, 7208B, 7209A, 7209B, 7210, 7211, e», debe dicir: «7208A, 7208B, 7209A, 7209B, 7210, 7211 e 7212».

Na páxina 238, na «Táboa 1.1. Tráfico de buques. Bonificación taxa do buque», na Autoridade Portuaria de Barcelona, na columna «GT(4) ≥ 38.000», na liña correspondente á cota de tráfico do ano anterior «Entre 7,0% e 20,0%», onde di: «15%», debe dicir: «5%».

Na páxina 257, no cadro de bonificacións da Autoridade Portuaria de Málaga, na columna dos códigos arancelarios e na liña correspondente a «CEREAIS, PENSOS E SEMENTES. A granel», onde di: «1001 a 1008; 1101 a 1109; 1201, 1206, 1207, 1208, 1212, 1213 e», debe dicir: «1001 a 1008; 1101 a 1109; 1201, 1206, 1207, 1208, 1212, 1213 e 1214».

Na páxina 267, no cadro de bonificacións da Autoridade Portuaria de S.C. de Tenerife, na columna «TRÁFICOS E SERVIZOS MARÍTIMOS SENSIBLES, PRIORITARIOS OU ESTRATÉXICOS», onde di:

<b>«TRÁFICOS E SERVIZOS MARÍTIMOS SENSIBLES, PRIORITARIOS OU ESTRATÉXICOS</b>
CRUCEIROS TURÍSTICOS
EMBARQUE DE FROITA E HORTALIZAS EMBARQUE DE VIÑO ENVASADO PESCA CONXELADA en réxime de tránsito ou embarque
AVITUALLAMENTO
SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE
SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE
BUQUES EN REPARACIÓN E BUQUES INACTIVOS INCLUSO PESQUEIROS E ARTEFACTOS FLOTANTES
BUQUES CABLEIROS
EMBARQUE/DESMARQUE DE LN
EMBARQUE DE CEMENTO»

Debe dicir:

<b>«TRÁFICOS E SERVIZOS MARÍTIMOS SENSIBLES, PRIORITARIOS OU ESTRATÉXICOS</b>
CRUCEIROS TURÍSTICOS
EMBARQUE DE FROITA Y HORTALIZAS. EMBARQUE DE VIÑO ENVASADO PESCA CONXELADA en réxime de tránsito ou embarque
AVITUALLAMENTO
SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE por gabarra
SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE por tubaxe
BUQUES EN REPARACIÓN E BUQUES INACTIVOS INCLUSO PESQUEIROS E ARTEFACTOS FLOTANTES
BUQUES CABLEIROS
EMBARQUE/DESEMBARQUE DE LNG
EMBARQUE DE CEMENTO»

Na páxina 275, no cadro de bonificacións da Autoridade Portuaria de Valencia, na columna de «Taxa da mercancía» e na liña correspondente a «Concentración de cargas. Servizo marítimo de tráfico *ro-ro* (excluídos os servizos marítimos tipo *ro-pax*)», no recadro superior, onde di: «Entre 50.0000 e 60.000 unidades...», debe dicir: «Entre 50.000 e 60.000 unidades...».